

AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN DE PERSOAS ASALARIADAS. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Persoas beneficiarias:

Poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia, pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido.

Obxecto:

O obxecto desta orde é fixar as bases reguladoras e realizar a convocatoria para o ano 2023 dos incentivos á contratación indefinida inicial e a formación de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou por persoas profesionais con domicilio social e fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de promover a consolidación do emprego autónomo (código de procedemento TR349F).

Este programa inclúe dous tipos de axudas compatibles entre si:

1. **Bono de contratación**, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.
2. **Bono de formación** (opcional), por medio do cal se proporcionará unha subvención para accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras cuxos contratos se subvencionan por medio desta orde, co obxecto de mellorar os seus coñecementos e as habilidades relacionadas co posto de traballo.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar solicitudes comezará o día seguinte ao da súa publicación e rematará o 29 de setembro de 2023.

Mais información:

DOG Núm. 24 Venres, 3 de febreiro de 2023 (código de procedemento TR349F).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230203/AnuncioG0656-120123-0003_es.pdf

As actuacións subvencionables e o importe das mesmas, poden consultarse na Orde do 10 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR349F).